

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52



PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO, DIRECCIÓN DE OBRA, DIRECCIÓN DE EXECUCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE, (INCLUIDO NO PROGRAMA URBANA SANTIAGO NORTE, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA CON CARGO AO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), DENTRO DO EIXO NÚMERO 5 (DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE LOCAL E URBANO) DO PROGRAMA OPERATIVO DO FEDER EN GALICIA PARA O PERIODO 2007-2013)

O prego de condicións técnicas reúne tódalas normas técnicas a seguir para a realización dos traballos que son obxecto do contrato.

As seguintes condicións son de obrigado cumprimento polos adxudicatarios da asistencia técnica, que fará constar que as coñece e que se compromete a executalas asinando o presente prego unha vez resolto o concurso obxecto do mesmo.

O incumprimento dalgunha das condicións do presente Prego de Condicións Técnicas sen autorización expresa do Concello poderá supor a resolución do contrato.

CONDICIÓN XERAIS

Antecedentes

O PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de Santiago de Compostela, publicado no BOP num. 56 de 10 de marzo de 2009, regula no art. 151 a Ordenanza Especial OE-1R, para o ámbito do sector de Vista Alegre.

Estudio de Detalle para a rehabilitación integral do barrio de Vista Alegre, a.d. 25-9-2008.

Declaración de A.R.I. por resolución da Consellería de Vivenda e Solo de 17 de abril de 2006.

Programa Urbana Santiago Norte.

Obxecto

É obxecto deste prego sinalar as condicións que rexerán o contrato de servizos para a redacción e entrega do Proxecto de OBRAS DE MELLORA DA MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE DO BARRIO DE VISTA ALEGRE en Santiago de Compostela e a dirección facultativa das obras.

O proxecto poderá definir diferentes fases obxecto de contratación de obras independentes, sempre segundo o previsto na lexislación vixente e seguindo as instrucións do Concello.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

A documentación deberá detallar as obras a executar e a forma de realizalas, precisando as características dos materiais a empregar e as especificacións das distintas unidades de obra a executar, co fin de asegurar resultados óptimos técnica e economicamente, tanto na fase de execución como nas de conservación e explotación da obra. Ademais deberán proporcionar unha información completa que permita, no seu caso, unha correcta dirección facultativa por técnicos distintos aos redactores do proxecto.

En todo caso, os documentos de Proxecto deberán ter o grado de definición e contido que se especifican no presente Prego, así como na lexislación vixente aplicable e na normativa urbanística vixente.

Dirección e inspección dos traballos

O Concello de Santiago designará un Director de Proxecto, que desenvolverá unha función de comprobación, coordinación e vixilancia da correcta labor dos traballos, e establecerá os criterios e liñas xerais, complementarias do presente Prego, para a actuación do adxudicatario.

O Director do Proxecto non será responsable dos cálculos, especificacións, medicións, feitas polo adxudicatario, que asume a responsabilidade dos traballos en toda a súa medida.

Calquera modificación que se introduza no Proxecto xa sexa por defecto ou omisión ou ben para adaptalo ás condicións reais do terreo, será por conta do adxudicatario, sen que teña dereito a ningún tipo de compensación económica por estes traballos.

Persoal do adxudicatario

Será, como mínimo, o establecido no Prego de Condicións Administrativas.

O adxudicatario designará un Delegado con titulación de Técnico Superior, que será o único interlocutor ante a Dirección do Proxecto, facilitando un listado do persoal facultativo que colaborará na redacción e dirección.

O delegado manterá coa dirección tantas reunións como esta estime necesarias para a correcta marcha do proxecto e da obra, en todo caso, o Delegado informará por escrito á Dirección, durante os primeiros cinco días de cada mes sobre a marcha dos traballos encomendados.

Ámbito

Polígono: Vista Alegre, segundo o ámbito declarado para o A.R.I.

Concello: SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Provincia: A CORUÑA.

Prazos de execución

Conforme o Prego de Condicións Administrativas e o Cadro de Características do contrato.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CONWI0DA	CON/55/2012	02-08-12 13:52

Orzamento de execución de contrata estimado para as obras

Orzamento de execución material:	1.037.296,00 €
Gastos xerais 13%	134.848,48 €
Beneficio industrial 6%	62.237,76 €
	1.234.382,24 €
IVE 21%	259.220,27 €
Orzamento de contrata para as obras	1.493.602,51 €

Orzamento de honorarios de asistencia técnica

TRABALLO

HONORARIOS

- Redacción do Proxecto, Estudio de Seguridade e Saúde, Estudio Xeotécnico, Estudio Arqueolóxico e Levantamento topográfico

49.586,78 € + 21% IVE (10.413,22 €) 60.000,00 €

- Dirección Facultativa (Dirección de Obra, Dirección de Execución de Obra e Coordinación de Seguridade e Saúde):

40.394,64 € + 21% IVE (8.482,87 €) 48.877,51 €

• **Total honorarios (I.V.E. incluído) 108.877,51 €**

ACTUACIÓNS EN FASE DE PROXECTO

Condições Xerais

Corresponde a esta fase a redacción da documentación necesaria para a posterior execución das obras do título. A documentación necesaria, o contido e alcance da mesma cumprirá coas

Handwritten signature

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

determinacións esixidas pola lexislación vixente, os requisitos contidos no Planeamento Xeral e de Desenvolvemento, estudos sectoriais que poidan ser de aplicación (p. ex. mobilidade municipal) e, coma proxectos de obras, ós contidos e determinacións esixidos pola LCSP, engadidas ás da lexislación en materia de Seguridade e Saúde e aquelas outras vixentes nas materias específicas aplicables, todo elo simultaneamente e de acordo coas especificacións contidas no presente prego.

Definirá as características xerais da obra e as súas prestacións mediante a adopción e xustificación de solucións concretas. O seu contido será o suficiente para a súa tramitación municipal, así como as concesións e outras autorizacións administrativas, e para iniciar as obras. Xustificaranse todos os aspectos construtivos, formais e económicos que avalen a oferta presentada polo licitador.

O adxudicatario do contrato desenvolverá o proxecto e definirá a obra na súa totalidade, sen que nel poidan rebaixarse as prestacións declaradas na oferta presentada a licitación, e sen alterar os usos e condicións baixo as que, no seu caso, se outorgaron as concesións e outras autorizacións administrativas, salvo en aspectos legalizables.

Incluirá, os proxectos de todas e cada unha das instalacións previstas e necesarias, redactados polos técnicos competentes en cada materia, de acordo coas condicións formais, técnicas ou de outra índole que esixa o Órgano de Contratación e a lexislación vixente.

O traballo deberá realizarse atendendo as observacións e indicacións que manifestara o Órgano de Contratación ao resultado da fase precedente.

Toda a documentación do ámbito deberá reflectir o territorio no que se integra e as conexións necesarias cos ámbitos do contorno, debendo aparecer nos planos a cartografía sobre a que se desenvolva, complementada cos ámbitos dos solos colindantes cunha área que polo menos duplique á da urbanización dos sistemas xerais e vieiros que lle afecten.

Será de especial importancia a ordenación, trazado e tratamento dos espazos públicos –beirarrúas, espazos libres, prazas e parques- que posibilite un axeitado funcionamento posterior do barrio –sistemática de contedores para o lixo por exemplo, elección dos materiais cara ás texturas a obter para as diferentes áreas, e elementos de mobiliario urbano –previndo como parte deste, e correctamente previstos e integrados, os armarios e toda a moblaxe para servizo para instalacións; todo elo coordinarase cos técnicos do Concello, para obter un resultado acorde cos criterios municipais e de cidade, xa incorporados nos últimos Plans e unidades de actuación en desenvolvemento. Todas estas actuacións pormenorizaranse máis polo miúdo nas reunións de coordinación que o adxudicatario do concurso deberá manter, unha vez resolto o mesmo, cos Servizos Técnicos do Concello de Santiago.

As distintas redes de servizos proxectaranse seguindo as directrices e normativas das compañías responsables da súa explotación en Santiago de Compostela, xa sexan municipais ou privadas, así coma os regulamentos e normativas sectoriais que lles sexan de aplicación.

Para os servizos a cargo de compañías privadas non municipais, xuntarase un escrito de aceptación polas mesmas das redes proxectadas.

En canto os servizos nos que a explotación dependa do Concello, no proxecto deberá garantirse expresamente que se definen de acordo coas indicacións da Dirección do Proxecto, seguindoas puntualmente e recollendo as solucións técnicas e detalles construtivos habitualmente empregados polo Concello.

Na totalidade das redes deberá definirse con precisión a súa conexión coas existentes, así como as partes delas que se afecten pola nova obra, desvíos previstos, etc.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

Aportaranse esquemas de disposición das infraestruturas na sección transversal das distintas rúas proxectadas, de xeito que se garanta a execución sen interferencias.

A redacción do Proxecto deberá incorporar, a requirimento do Concello, as eventuais modificacións ou axustes necesarios que veñan esixidos polo desenvolvemento do mesmo, logo de conseguir os novos datos necesarios topográficos e doutra entidade precisos para o correcto deseño do ámbito, sempre adaptándose á normativa e disposicións vixentes de aplicación.

Condições Particulares

O proxecto contemplará a demolición das terrazas e reurbanización completa dos ámbitos I y II sinalados nos planos de situación anexos ao presente prego. O ámbito efectivo das obras poderá abarcar unha maior superficie da indicada, a instancias dos técnicos redactores ou dos técnicos do Concello, en función do estudo pormenorizado de necesidades que se desenvolva durante a redacción do proxecto.

O inicio das obras de derruba das tarrazas estará condicionado a que éstas sexan de titularidade pública.

Para a demolición de terrazas deberá estudarse a adecuación dos medios de derruba efectos de acadar un sistema óptimo na relación entre seguridade, prezo e menores molestias ao vecindario. Canto ao trazado, tratamento e mobiliario do espazo público, optarase preferentemente por solucións que primen ao peón fronte aos vehículos (sección única, anchos de carril mínimos, restricións e/ou deseños para ralentizar o tráfico, etc.).

No caso das infraestruturas de servizos, o proxecto contemplará o seguinte:

- **Abastecemento e saneamento:** existen redes para a totalidade do barrio. Deberase contactar coa empresa concesionaria do servizo a efectos de comprobar o estado das redes para avaliar se resulta necesario efectuar operacións de reparación ou renovación.
- **Electricidade:** existe rede de servizo soterrado para a totalidade do barrio. Deberase contactar coa empresa distribuidora do servizo a efectos de comprobar o estado das redes para avaliar se resulta necesario efectuar operacións de reparación ou renovación.
- **Alumeado público e servizos comúns:** A eliminación de terrazas suporá a modificación do alumeado, actualmente vinculado ás mesmas. Preverase o tendido de rede para alumeado e servizos comúns (tráfico e outros) e plantearase o sistema mais idóneo de alumeado para o espazo público. Deberase contactar coa empresa concesionaria do servizo a efectos de coordinar as solucións técnicas que se planteen.
- **Telecomunicacións:** existen redes aéreas de Telefónica e R discorrendo por terrazas e fachadas. A eliminación de terrazas suporá a modificación destas redes, polo que deberá preverse a recanalización preferentemente soterrada das mesmas. Deberase contactar coas empresas distribuidoras do servizo a efectos de coordinar as solucións técnicas que se planteen.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

- Gas: existe rede de gas para a totalidade do barrio. Deberase contactar coa empresa distribuidora do servizo a efectos de comprobar o estado das redes para avaliar se resulta necesario efectuar operacións de reparación ou renovación.

Ademais, o proxecto deberá contemplar o estudo a nivel de anteprojecto da posible reurbanización da totalidade do barrio de Vista Alegre, co gallo de asegurar que as solucións que se apliquen ao ámbito obxecto do proxecto resulta integrado ou integrable coas solucións futuras para o resto de zonas, tanto a nivel de solucións de trazado, tratamento e mobiliario como de redes de infraestrutura (conexións, etc.).

DOCUMENTACIÓN DO PROXECTO

Indicase a continuación o contido que deberá incluír o proxecto e a forma de presentación:

MEMORIA

Ademais de explicar o contido do mesmo, motivará e expresará tódolos datos e razoamento que seguirá na toma de decisións que levaran ás súas solucións.

Polo tanto, o obxecto da memoria é a descrición e xustificación das obras a realizar, facendo referencia a:

- Características principais.
- Modo de execución.
- Relacións co plan que executan.
- Xustificación das solucións adoptadas.

O contido, que estará debidamente indizado e paxinado, incluírá como mínimo os seguintes aspectos:

- Antecedente e obxecto do proxecto
- Información previa: ámbito, planeamento vixente e descrición do estado actual
- Descrición e Xustificación da solución adoptada: descrición das obras e do proceso construtivo
- Normativa Oficial: resumo xeral de normativa aplicable e xustificación específica de normativas básicas de aplicación (accesibilidade, control de calidade, xestión de residuos, etc.)
- Plan de Obra: Criterios e diagrama en semanas e capítulos de orzamento
- Resumo de orzamento
- Acta de replanteo previo: Manifestación expresa de que se teñen realizado todas as comprobacións técnicas e xeométricas, das que se deducen a adecuación do proxecto a realidade física do lugar no que se vai a executar a obra.
- Declaración de obra completa: Manifestación expresa de que o proxecto comprende unha obra completa, no senso esixido pola LCSP.

Documento	Expediente	Fecha
CONWI0DA	CON/55/2012	02-08-12 13:52

Fórmula de revisión de prezos: Indicarase a fórmula de revisión de prezos aplicable ao contrato de obra ou, no seu caso, xustificar que non procede aplicar revisión de prezos ao contrato de obra.

Clasificación do contratista: Indicarase a necesidade ou non de clasificación segundo o disposto na lexislación vixente.

ANEXOS

O proxecto incluírá os seguintes anexos

TOPOGRAFÍA E REPLANTEO

A cartografía reflectirá especialmente as rasantes e cotas actuais e propostas postas en relación coas cotas dos portais e vaos das edificacións existentes, no seu caso, e previstas nas bandas das vías.

O adxudicatario levará a cabo un levantamento da totalidade do polígono e elaborará unha adaptación e actualización da cartografía dixital que o Concello aporte.

Este apartado terá polo menos os seguintes aspectos:

Descrición da Rede Xeodésica Básica utilizada como apoio para toda a documentación cartográfica incluída no proxecto.

Descrición da metodoloxía empregada, que ademais conterá o informe de conformidade da sección de Cartografía do Concello de Santiago.

Tódolos puntos de replanteo levarán asociados, como mínimo, a identificación do punto, as súas coordenadas X e Y, a rasante e a Identificación dos p.k.

Plano do estado actual dos terreos:

Será o plano topográfico a escala mínima de 1:1.000 con curvas de nivel polo menos cada metro.

Conterá os límites do polígono obxecto do proxecto.

Levará sinalizados os puntos base do levantamento.

ESTUDIO XEOTÉCNICO

Descríbase o proxecto contemplado, como mínimo, os seguintes conceptos:

Antecedentes e obxecto do estudo.

Entorno xeolóxico (formacións xeolóxicas, litoloxías e hidroloxía).

Traballos feitos, que comprenderán a xustificación da técnica empregada en cumprimento do disposto nos regulamentos e normativas pertinentes, así como os correspondentes ensaios levados a cabo, xa sexan no propio terreo ou no laboratorio.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

- ⇒ Caracterización xeotectónica do subsolo.
- ⇒ Resumen e conclusións.
- Como mínimo desenvolveranse os seguintes anexos:
 - Localización en planos a escala mínima 1:5.000 das prospeccións feitas diferenciando na lenda o tipo que son (ocular de superficie, calicatas ou sondaxes).
 - Descrición litolóxica das mesmas.
 - Reportaxe fotográfico.
 - Ensaíos.

DEMOLICIÓN E DERRUBAS

Neste apartado farase referencia ás demolicións e derrubas necesarios para a execución do proxecto de urbanización, expresando de forma diferenciada as demolicións de elementos urbanos, tales como redes antigas ou viais, das demolicións de diferentes construcións ou edificios, que deberán poder definirse completa e independentemente, incluíndose o Estudio de Segiridade e Saude, o control de calidade e o plan de xestión de residuos.

- Memoria descritiva e xustificativa, que conteña a información seguinte:
 - Antecedentes y condicionantes de partida. Fotografías actuais do edificio existente.
 - Definición, finalidade do traballo e usos.
 - Datos da finca e entorno físico: Situación, nº de plantas forma, lindes, orientación, superficie, topografía e servidumes.
 - Cadro de superficies.
 - Accesos e evacuación.
 - Especificación dos materiais fundamentais cos que se construíu o edificio (estructura, cuberta, fachadas, etc...).
 - Volume sobre e baixo rasante.
 - Calquera outro dato que se considere de interese.
 - Cumprimento de normas específicas e normativa urbanística.
- Informe técnico
 - Sistema a seguir na demolición.
 - Orden en que se deben realizar as diferentes operacións e forma de executalas.
 - Normas de seguridade y saúde para evitar danos aos traballadores, terceiras persoas, vía pública, edificación próxima.
 - - Normas de desescombros, reciclaxe e traslado a vertedoiro.
 - - Anulación e protección de acometidas.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

- Anexos:

- o Os que se consideren necesarios (testigos de ensaios, catas, informes externos, etc.)

TRAZADO E TRATAMENTO

Descríbese o deseño contemplando, como mínimo, os seguintes conceptos:

- Tipos de solos e a súa orografía.
- Trazado da rede viaria e conexión co exterior.
- Descrición dos aportes e desmontes de terreo, así como as técnicas que se empregarán para a contención e escavación.
- Clasificación das distintas vías por categorías e tipos, sinalándose as seccións transversais.
- Descrición e deseño de firmes e pavimentos en calzadas, beirarrúas e espazos públicos.
- Descrición e deseño de firmes e pavimentos en espazos privados exteriores, garantindo unha actuación homoxénea e continua cos espazos públicos.
- Calidade requirida e tipos proxectados en materiais e unidades de obra.
- Como mínimo desenvolveranse os seguintes anexos:
 - o Características do deseño, de orden técnico e económico.
 - o Estudio de tráfico e aparcamentos públicos, de acordo coas xeracións internas e a súa relación co exterior.
 - o Xustificación do correcto trazado para o tráfico de servizos de emerxencias, transportes públicos e servizos de recollida de lixos.
 - o Cálculos xustificativos das dimensións e seccións dos pavimentos de acordo coas normativas e regulamentos sectoriais vixentes.
 - o Xustificarase a conveniencia ou non da implantación de drenase no terreo ou no firme.
 - o Calcularanse as aliñacións dos eixes de tódalas vías, mediante a definición en planta de vértices de aliñacións rectas, , acordos horizontais e interseccións de vías.
 - o En alzado definiranse os perfís lonxitudinais, sinalándose pendentes e ramplas, que oscilarán ente ó 0,8% y 8%, acordos verticais e contas vermellas de rasantes. No caso de que se fora a pendentes maiores ó 8% xustificarase de forma conveniente.
 - o Tódolos datos e resultados de cálculos deberán poder materializarse sobre o terreo para poder levar a cabo a execución co replanteo previsto.
 - o Ofreceranse cantos cálculos sexan necesarios para a definición e construción das obras de fábrica proxectadas, dándose, as características resistentes e construtivas.
 - o Informe de conformidade expresa da entidade ou organismos interesados.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA

Este apartado soamente se incluírá no caso de ser necesarias obras de reparación ou renovación nas redes existentes. Incluírá de forma claramente diferenciada o abastecemento da auga potable, a rede de rego e a de prevención de incendios.

Descríbase o proxecto con referencia, como mínimo, aos conceptos seguintes:

- Situación actual de abastecemento e a solución adoitada.
- Descrición e xustificación do tipo de redes de distribución deseñado.
- Disposicións construtivas elixidas.
- Descrición e xustificación dos tipos e calidades de materiais elixidos, xa sexan condutos, claves, pezas especiais ou similares.
- Como mínimo desenvolveranse os seguintes anexos:
 - o Características do deseño, de orde técnico e económico.
 - o Descrición e xustificación do cálculo realizado para o deseño do abastecemento; comprendendo a lo menos a presión, o caudal e a sección.
 - En caso de abastecemento dende o exterior, a localización clara dos puntos de conexión e abastecemento das redes do polígono, garantindo que cumpren cos requisitos de presión, caudal e calidade segundo as necesidades demandadas.
 - En caso de abastecemento propio, tódolos cálculos de cada unha das instalacións, sexan de impulsión necesarias no caso de pozo de captación ou de elevacións por necesidades topográficas, a capacidade do depósito regulador do abastecemento para un volume dun día de consumo para o total da urbanización e cantos cálculos resistentes e mecánicos das estruturas e das instalacións que se proxecten.
 - o Descrición da rede de distribución interior, sinalando a lo menos, o diámetro da tubería por treito, caudais circulantes, cotas piezométricas e de rasante nos nós da rede, e cantos cálculos de carácter hidráulico ou mecánicos sexan necesarios para xustificar as dimensións de tódolos elementos que inclúa.
 - o Informe de conformidade expresa da entidade ou organismo interesados.
 - o Normativa técnica de aplicación para a execución da obra civil do servizo.

REDE DE SANEAMENTO

Este apartado soamente se incluírá no caso de ser necesarias obras de reparación ou renovación nas redes existentes. Este apartado incluírá de forma claramente diferenciada a rede de pluviais da de saneamento de fecais.

Descríbase o proxecto con referencia, como mínimo, ós conceptos seguintes:

- Situación actual do saneamento e solución adoitada.
- Disposicións construtivas elixidas.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

- Materiais e unidades de obra proxectados.
- Descrición e xustificación dos tipos e calidades de materiais elixidos, sexan condutos, claves, pezas especiais ou similares.
- Tipo de rede de sumidoiro para augas residuais e pluviais.
- Depuración de augas residuais se estivera incluída no polígono, neste caso incluírase o réxime económico de mantemento da estación depuradora.
- Como mínimo desenvolveranse os seguintes anexos:
 - o Características do deseño, de orde técnico e económico.
 - o Descrición e xustificación dos parámetros empregados e necesarios para o cálculo de augas pluviais a partir das conchas e áreas vertentes na zona, con indicación das solucións adoitadas para o seu encauzamento e recollida.
 - o Descrición e xustificación dos caudais de augas negras e cálculo completo da rede de sumidoiro, con caudais de augas pluviais e negras circulantes por treitos, diámetros de tubería por treito, velocidades de circulación máximas e mínimas e pendentes dos tubulares.
 - o Sección hidráulica adoitada, capacidade e velocidade a sección chea do conduto adoitado así como velocidade e calado para o cálculo do treito.
 - o Cantos cálculos hidráulicos e mecánicos sexan necesarios para xustificar tódolos elementos que se implante na rede de sumidoiro.
 - o No caso de existir depuración de augas, facilitarase tamén os cálculos xustificativos da estación depuradora de augas residuais con definición de cada un dos seus elementos tanto en obras de fábrica como en instalación.
 - o Condicións técnicas do tratamento e prescricións que deberán cumprir as augas residuais e vertidos a leitos ou redes públicos existentes.
 - o Informe de conformidade expresa da entidade ou organismo interesados.
 - o Normativa técnica de aplicación para a execución da obra civil do servizo.

REDE DE DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA

Este apartado soamente se incluírá no caso de ser necesarias obras de reparación ou renovación nas redes existentes.

Descríbase o proxecto con referencia, como mínimo, ós conceptos seguintes:

- Situación actual e solución adoitada para o abastecemento de enerxía eléctrica ó polígono.
- Tipo de materiais e obras previstas no proxecto.
- Indicación de empresa subministradora e tipo de contribución e distribución de cargas e dereitos para a instalación e explotación do servizo.
- Como mínimo desenvolveranse os seguintes anexos:
 - o Características do proxecto, de orde técnico e económico.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

- Cálculos xustificativos, nos que se exporán e xustificarán os seguintes puntos:
 - Cálculos da rede de alta tensión, coa demanda de potencia global e por sectores co fin de situar os centros de transformación, cálculo das liñas, tanto eléctricos como mecánicos, determinando intensidades admisibles ós condutores, caídas de tensión e perdas de potencia.
 - Cálculos dos centros de transformación. Cálculos resistentes dos principais elementos construtivos de obra civil, cálculo da potencia de corto circuito, embarrado de alta e baixa tensión e seccionadores e interruptores de alta tensión. Características das proteccións así como conexión entre transformadores e cadros de baixa tensión.
 - Cálculos da rede de baixa tensión. Cálculos eléctricos das liñas, caída de potencia e de tensión nos condutores, resume de demandas en cables alimentadores e cálculo das demandas nos centros de transformación.
- Informe de conformidade expresa da entidade ou organismo interesados.
- Normativa técnica de aplicación para a execución da obra civil do servizo.

REDE DE ALUMEADO PÚBLICO E SERVIZOS COMÚNS

Descríbese o proxecto de alumeado con referencia, como mínimo, ós conceptos seguintes:

- Solución de alumeado adoptada, aéreas ou subterráneas.
 - Descrición dos tipos de puntos de luz adoptados, materiais e modelos.
 - Niveles de alumeado adoptados.
 - Explotación e conservación das obras.
 - Como mínimo desenvolveranse os seguintes anexos:
 - Características do proxecto, de orden técnico e económico.
 - Cálculos xustificativos, nos que se establecerán e xustificarán os seguintes puntos:
 - Cálculos fotoeléctricos. Coas curvas isolux simples iniciais, a partir das fotométricas, a non ser que se dispoña das curvas isolux dun laboratorio oficial. Incluirá a Xustificación dos factores de conservación, de posición de lámpada e de reactancia no patrón. Separacións entre puntos de luz. Factores de uniformidade.
 - Cálculo dos circuitos. Cálculo das potencias instaladas no alumeado, público por circuitos e centros de mando. Cálculo de intensidades nominais dos centros de mando. Cálculo das seccións de cable de cada circuito.
 - Explotación e conservación do alumeado público. Estudio económico da explotación e conservación da instalación, mantendo os niveis técnicos previstos, no que se demostrará a economía da mesma, xustificando debidamente os coeficientes de conservación considerados nos cálculos. Calidades e compoñentes dos distintos elementos de alumeado público proxectado.
 - Informe de conformidade expresa da entidade ou organismo interesados.
- Canto a servizos comúns (tráfico e outros):
- Solución das redes propostas, a poder ser subterránea.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

- Descrición dos tipos de servizos que se facilitarán e a previsión de futuras ampliacións.
- Explotación e conservación das obras.
- Como mínimo desenvolveranse os seguintes anexos:
 - o Características do proxecto, de orde técnico e económico.
 - o Xustificación do deseño proposto.
 - o Informe de conformidade expresa da entidade ou organismo interesados.
 - o Normativa técnica de aplicación para a execución da obra civil do servizo.

REDE DE TELECOMUNICACIÓN S

Este apartado incluírá os seguintes aspectos, que poderán ser facilitados polas compañías existentes, sendo como mínimo Telefónica e R.

Descríbase o proxecto con referencia, como mínimo, aos conceptos seguintes:

- Solución das redes propostas, a poder ser subterránea.
- Descrición dos tipos de servizos que se facilitarán e a previsión de futuras ampliacións.
- Explotación e conservación das obras.
- Como mínimo desenvolveranse os seguintes anexos:
 - o Características do proxecto, de orde técnico e económico.
 - o Cálculos xustificativos, nos que se exporán e xustificarán o deseño proposto.
 - o Informe de conformidade expresa da entidade ou organismo interesados.
 - o Normativa técnica de aplicación para a execución da obra civil do servizo.

REDE DE GAS

Este apartado soamente se incluírá no caso de ser necesarias obras de reparación ou renovación nas redes existentes.

Descríbase o proxecto con referencia, como mínimo, aos conceptos seguintes:

- Situación actual e solución adoitada para o abastecemento de gas ao polígono.
- Tipo de materiais e obras previstos no proxecto.
- Indicación de empresa subministradora e tipo de contribución e distribución de cargas e dereitos para a instalación e explotación do servizo.
- Como mínimo desenvolveranse os seguintes anexos:
 - o Características do proxecto, de orde técnico e económico.
 - o Cálculos xustificativos das solucións deseñadas.
 - o Informe de conformidade expresa da entidade ou organismo interesados.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

- Normativa técnica de aplicación para a execución da obra civil do servizo.

XARDINERÍA E MOBILIARIO URBANO

Descríbese o proxecto con referencia, como mínimo, aos conceptos seguintes:

- Definición de obras de xardinería da urbanización.
- Instalacións e servizos incluídos nos parques e xardíns.
- Elementos complementarios como bancos, papeleiras, pavimentación, xogos infantís, casetas para persoal obreiro de conservación, evacuatorios, así como cantas construcións sexan precisas para o axeitado funcionamento dos parques e xardíns.
- Sistema de conservación e explotación de xardíns e parques establecido.
- Como mínimo desenvolveranse os seguintes anexos:
 - Características do proxecto, de orde técnico e económico.
 - Cálculos xustificativos, nos que se exporán e xustificarán os seguintes puntos:
 - Movemento de terras. Co estudio de compensacións de terra para realizar o movemento das mesmas que precise a formación dos parques e xardíns.
 - Estudos do terreo e elección de especies e aboados. Co análise de terras e da auga para o rego, estudándose o aboado tanto orgánico como químico, e elección de especies arbóreas como arbustivas, subarbustivas, vivaces, anuais e incluída mestura de tipos de especies empregadas.
 - Cálculos xustificativos de tódalas instalacións e servizos que se inclúen tales como sistema de rego, alumeadado público, drenaxes, saneamentos, etc. Cálculos resistentes e mecánicos de cantas instalacións sexa preciso xustificar nas construcións proxectadas.
 - Conservación das obras, da xardinería, e das súas instalacións incluíndo elementos vivos, pavimentos e demais servizos así como limpeza e gardería correspondente.
 - Informe de conformidade expresa da entidade ou organismo interesados.

CÁLCULO DE ESTRUTURAS

Comprenderán a descrición e xustificación das obras de estrutura que se contemplan no proxecto (construcións, muros, gabias, pontes, etc.), con expresión clara de dimensións e elementos estruturais, fábricas e demais unidades de obra.

- Como mínimo desenvolveranse os seguintes anexos:
 - Características do proxecto, de orde técnico e económico.
 - Cálculos xustificativos das solucións deseñadas.
 - Informe de conformidade expresa da entidade ou organismo interesados.
 - Normativa técnica de aplicación para a execución da obra civil do servizo.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

REPORTAXE FOTOGRÁFICO

Incluirá un reportaxe fotográfico completo do estado actual do polígono (viario, espazos libres, terrazas, fachadas, etc.)

ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE

Desenvolverase o Plan de Xestión de Residuos segundo a normativa vixente, incluíndo memoria, planos, prego e orzamento específicos.

PLANOS.

O proxecto incluirá os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida. Os planos irán acoutados e serán o suficientemente descritivos para que poidan deducirse deles as medicións.

PLANOS DE INFORMACIÓN

Os planos de información reflicten o estado e a situación dos terreos ós que se refiren as obras en orden ás súas características naturais, ordenación urbanística e uso ó que se destina.

É dicir deben describir o estado do solo e inmobles afectados no momento no que se aborda o Proxecto.

Os planos de situación en relación co conxunto urbano determinan fisicamente o lugar onde as obras se van a executar e lóxicamente coincidirán co ámbito da unidade de execución, de actuación ou polígono fixado con anterioridade polo Plan que se executa.

Tódolos planos de información abarcarán, non solo o ámbito exacto fixado polo planeamento, senón que ademais incluirán as zonas de conexión así como a franxa suficiente nas zonas de fronteira co mesmo grado de definición que no interior do ámbito de actuación.

Os conformarán, como mínimo, os seguintes planos:

- Plano de situación territorial

Planos de situación do ámbito de territorio do proxecto de urbanización, en relación coa estrutura urbanística do municipio.

- Plano de situación

Plano de situación e relación coas instalacións e elementos xerais de urbanización do entorno, indicando polo menos as seguintes características.

- o Situación e localización.
- o Altimetría.
- o Material.
- o Seccións ou dimensións.
- o Capacidade de servizo.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

- o Estado de conservación.
- Plano da ordenación
Plano da ordenación das obras que executa, indicando polo menos os seguintes aspectos:
 - o Situación e localización das obras.
 - o Límites precisos dos espazos viarios, de tráfico peonil e rodado, públicos, indicando as superficies e materiais.
 - o Límites precisos dos espazos libres, parques e xardíns, públicos, indicando as superficies e materiais.
 - o Parcelas destinadas a dotacións e equipamentos públicos, indicando a superficie e uso.
 - o Parcelas destinadas ós servizos de urbanización, indicando a superficie e uso.
 - o Parcelas destinadas á edificación privada, indicando a superficie e uso.
- Plano da xestión
Indicará a delimitación do ámbito territorial da unidade ou unidades de execución dentro do cal se proxecta executar as obras de urbanización.
- Plano de preparación
Plano do estado actual dos terreos e accións previas a levar a cabo, coa indicación de construcións, plantacións, instalacións, redes de servizos e infraestruturas existentes que, por ser incompatibles co plan, deban derrubarse, trasladarse ou desviarse.

PLANOS DE PROPOSTA

Os planos de proxecto deben de definir de forma pormenorizada os aspectos técnicos das obras que se executarán. Indicando o que se quere executar, como se executará e como quedará o ámbito no que se actúa.

Ademais das especificacións particulares de cada parte do proxecto, deberá entregarse un plano de planta xeral coa superposición de tódalas redes deseñadas, con representación a escala das seccións calculadas, arquetas e rexistros, de forma que se garanta a viabilidade técnica do conxunto da obra.

Tódolos planos de proxecto abarcarán, non só o ámbito exacto fixado polo planeamento, senón que ademais incluíranse as zonas de conexión así como unha franxa suficiente nas zonas de fronteira co mesmo grado de definición que no interior do ámbito de actuación, de forma que podamos garantir a correcta execución das conexións.

Os conformarán, como mínimo, os seguintes planos:

- Planos de demolicións e derrubas
Incluírán plantas, alzados e seccións esquemáticas, así como os detalles que se consideren necesarios para unha correcta definición dos traballos a realizar
- Planos de Trazado e Tratamento
 - o Planta xeral do sistema viario
Sinalizaranse os seguintes conceptos:

Documento	Expediente	Fecha
CONW10DA	CON/55/2012	02-08-12 13:52

- Dimensións de calzadas, beirarrúas e espazos públicos.
- Aparcamientos públicos e acceso a garaxes.
- Illetas de encauzamento do tráfico.
- Identificación dos viais.
- Diferenciación de materiais e acabados, indicando a súa superficie.
- Sinalización e localización de ramplas de acceso a minusválidos e supresión de barreiras arquitectónicas.

○ Plano clave de aliñacións e replanteo

Faranse constar tódolos datos precisos para poder realizar sobre o terreo o replanteo de toda a rede viaria.

Definiranse por coordenadas referidas ós puntos base, os seguintes puntos:

- Vértices de aliñacións.
- Interseccións.
- Puntos de acordo entre aliñacións rectas e curvas cantos puntos se consideren esenciais ó replanteo virán indicados polos ángulos e distancias das aliñacións que formen o eixe de toda a rede viaria.

○ Plano de movemento de terras

Nel marcaranse as liñas límite dos desmontes e terrapléns, especificándose as compensacións de volume.

- Indicaranse as curvas de nivel definitivas para todo o polígono, incluíndo os espazos libres públicos e privados, indicando as cotas de cada zona pavimentada.
- No caso de movemento de terras en parcelas, indicaranse as curvas de nivel definitivas, así coma os posibles taludes ou terrapléns.
- Vértices de aliñacións.

○ Plano de perfís lonxitudinais das vías

Nel especificaranse a escala á que se definira de forma orientativa se indica unha escala horizontal 1:1.000 e vertical 1:100, reflectíndose polo menos:

- Pendentes e ramplas das vías.
- Acordos verticais.
- Aliñacións horizontais.
- Distancias parciais e ó orixe dos perfís.
- Cotas das obras de fábrica.

○ Plano de perfís transversais de viario

Reflectiranse por rúas convenientemente numeradas, no mesmo orde que figura no perfil lonxitudinal correspondente. Indicaranse:

- Superficies de desmonte e terraplén de cada perfil.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

- Distancias entre perfís.
- Cotas vermellas.
- Plano de seccións transversais tipo
Indicarase as seccións tipo con expresión dos conceptos seguintes:
 - Anchos de calzada e beirarrúas.
 - Cunetas.
 - Situación do drenaxe.
 - Tipo de firmes en calzada e beirarrúas, con expresión de espesores.
 - Situación de canalizacións de tódolos servizos así como a solución en cruces, superposición de arquetas, plantación de árbores, desvío ante fosas de contedores soterrados. E cada un destes casos para as diferentes seccións do vial previsto.
- Plano de detalles
Conterán as plantas das principais interseccións a escala suficientemente ampla para definir con claridade os detalles precisos para o seu replanteo sobre o terreo.
- Plano de obras de fábrica
Comprenderán a representación gráfica desta clase de obras (muros, gabias, pontes, etc.), con expresión clara de dimensións e elementos estruturais, fábricas e demais unidades de obra.
- Plano de sinalización
Neste plano reflectirase a disposición de sinais e pinturas de tráfico da rede viaria, denominación de rúas e datos análogos.
- Planos da rede de abastecemento de auga
Este apartado soamente se incluírá no caso de ser necesarias obras de reparación ou renovación nas redes existentes.
- Plano xeral da rede
Empregarase o plano topográfico a escala 1:1.000 con curvas de nivel cada metro.
Conterá os puntos de abastecemento tanto si é interior ou procedente de zonas exteriores, así como a rede de distribución de auga con indicación de diámetros das tuberías en cada treito e representación dos seus elementos constitutivos como válvulas, conos de redución, ventosas, desaugadoiros, arquetas de rexistro, empalmes ás parcelas e a redes de servizo de bocas de rego e hidrantes, podéndose especificar estes derradeiros en planos diferenciados.
O plano conterá os lindes do polígono, rúas, parcelas ou bloques de vivendas e curvas de nivel definitivas.
- Plano de detalles
Reflectiranse as arquetas de rexistro, tipos de gabias, cruzamentos de calzada, ancoraxes, etc. e cantos detalles e obras de fábrica se precise para definir a totalidade da obra.
As escalas serán o suficientemente amplas para estudar con claridade os detalles expostos.
- Plano de conducción do abastecemento
No caso de abastecemento exterior á zona delimitada polo polígono incluírase un plano no que se poida seguir a traza da conducción dende o punto de abastecemento ata o de toma ó polígono, e

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

onde se reflectirán os datos de tipo hidráulico, así como as obras de fábrica necesarias en todo o percorrido.

○ **Obras especiais**

Conterá a representación das obras tales como depósitos de augas, grupos subpresores, partidores de carga, e cantas obras deban ser incluídas no proxecto.

- **Planos da rede de saneamento**

Este apartado soamente se incluírá no caso de ser necesarias obras de reparación ou renovación nas redes existentes.

○ **Plano xeral da rede**

Empregarase o plano topográfico a escala 1:1.000 con curvas de nivel cada metro.

Neste plano trazarase a rede de sumidoiro con representación de pozos de rexistro, cámaras de descarga, sumidoiros, seccións de tubería, treitos e datos análogos.

Figurarán os lindes do polígono, rúas e curvas de nivel definitivas. A disposición de pozos será tal que dende calquera parcela ou propiedade poida desaugarse a un deles, conservando entre eles a distancia máxima de 50 m ou a marcada polas normativas e regulamentos sectoriais.

○ **Plano de perfís lonxitudinais**

Nel indicaranse as cotas de rasante e de soleira de cada pozo de rexistro, pendentes dos condutos, seccións adoitadas, profundidade dos pozos e lonxitudes entre os mesmos.

○ **Plano de detalle**

Representaranse a escala axeitada as gabias e canalizacións, pozos de rexistro, cámaras de descarga, sumidoiros, aliviadoiros de crecidas, etc.

○ **Plano de desaugadoiro da rede**

Indicando os puntos de conexión á rede xeral, con referencia ós materiais, seccións, pendentes e caudais, tanto da rede proxectada como da existente.

No caso de desaugadoiro por emisario, exterior á zona urbanizada, detallarase a súa planta e perfil lonxitudinal, con definición de seccións e topográfico da zona ocupada.

○ **Obras accesorias**

Comprenderá a representación gráfica de tódalas obras que sexan precisas, como encauzamentos, proteccións, cruzamentos de calzada ou outras similares.

Se existise conterá unha representación gráfica de tódolos elementos interesantes da estación depuradora con indicación das súas obras de fábricas e instalacións con detalle e escalas suficientes para a súa execución e especificación do seu exacto localización.

- **Planos da rede de distribución de enerxía eléctrica**

Este apartado soamente se incluírá no caso de ser necesarias obras de reparación ou renovación nas redes existentes.

○ **Planta xeral da rede de alta tensión**

Recolleranse as liñas de conexión cos sistemas exteriores, situación dos centros de transformación e distribución, trazado da rede, indicando sección dos cables proxectados. Utilizarase o plano topográfico a escala 1:1.000 con curvas de nivel cada metro no que figurarán rúas, límites do polígono e principais puntos de consumo.

○ **Planta xeneral da rede de baixa tensión**



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

Presentarase a natureza e situación dos centros de transformación e os sectores de acción e o trazado da rede, indicando sección e natureza dos condutos dos distintos circuitos proxectados, así como, a situación de tódolos puntos de acometida existentes.

Utilizarase o plano a escala 1:1.000, contendo viario e límites do polígono.

o **Detalles da rede de alta tensión**

Debuxaranse caixas terminais e de empalme, tipos de gabia da rede subterránea, no seu caso, tipos de apoio e crucetas nos tramos aéreos, cimentacións, illadores, ferraxes e derivacións a terra.

Contemplanse con cantos detalles sexan precisos para definir perfectamente a rede de alta tensión.

o **Detalles da rede de baixa tensión**

Presentaranse os elementos da rede de baixa tensión análogos ós indicados na rede de alta tensión, indicándose os armarios de acometida co detalle da súa instalación interna.

o **Detalles dos centros de transformación**

Presentaranse con tódolos seus detalles os centros de transformación, especificando dimensións, construcións de cimentos, soleiras, muros, tabiques, cubertas e definición de cantas estruturas sexan necesarias para a construción dos centros.

Incluiranse a solución de impermeabilización de cubertas, muros e soleiras, así como desaugadoiros e drenaxes.

Definiranse as carpinterías e cerrallarías previstas nos cerramentos.

Recolleranse en esquema para unificar as características da instalación eléctrica dos centros, características de aparatos transformadores e embarrados solucións de protección e outros datos análogos.

o **Sección tipo de canalizacións de enerxía eléctrica**

Presentarase unha sección tipo de colocación en gabia dos cables de enerxía eléctrica tanto en alta como en baixa sinalándose as cotas de situación respecto ós demais servizos ou cerramentos co fin de localizar exactamente a súa situación e comprobar a compatibilidade da súa instalación cos demais servizos.

- **Planos da rede de alumeado público e servizos comúns**

o **Planta xeral da rede de alumeado público**

Reflectirá a situación dos puntos de luz, distinguindo graficamente os seus tipos.

Grafaranse tódolos circuitos desde os centros que os serven e definiranse o trazado dos cables de alimentación, distinguindo alumeado permanente e reducido, no seu caso.

Indicaranse para cada cable o número e sección dos condutos e lonxitude dos tramos entre puntos de luz.

No plano quedarán reflectidos os centros de mando coa súa situación exacta.

No plano desenvolverase a escala 1:1.000 sobre o topográfico con curvas cada metro no que quede reflectido todo o viario e límites do polígono.

o **Detalles da rede de alumeado**

Presentaranse os báculos con detalle ampliado das bases e cimentacións e a súa situación con respecto ó bordiño.

Detallaranse as placas de conexión da base cos báculos, indicando dimensións e conexións de cables, os tipos de luminaria empregados e os elementos que as constitúen, os armarios dos centros de mando coa súa cimentación e a disposición dos aparatos no seu interior.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

- **Planta xeral das redes de servizos comúns**
Reflectirá a situación das derivacións, indicando as zonas de cruzamento baixo calzada e o tipo de semáforo proposto distinguindo graficamente os seus tipos.
Grafaranse tódalas redes dende os centros que os serven e definirase o trazado dos cables de alimentación.
Indicarase para cada canalización o número e sección dos condutos e lonxitude dos treitos entre puntos de empalme ó rexistro.
No plano reflectiranse os centros de mando coa súa situación exacta.
No plano desenvolverase a escala 1:1.000 sobre o topográfico con curvas cada metro no que quede reflectido todo o viario e lindes do polígono.
- **Obras especiais**
Indicarase as obras de fábrica como arquetas, cruzamentos de calzada ou outras canalizacións , proteccións, etc, que sexan precisos.
- **Planos da rede de telecomunicacións**
- **Planta xeral das redes propostas**
Reflectirá a situación das derivacións, distinguindo graficamente os seus tipos.
Grafaranse tódalas redes dende os centros que os serven e definirase o trazado dos cables de alimentación.
Indicarase para cada cable o número e sección dos condutos e lonxitude dos treitos entre puntos de empalme ó rexistro.
No plano reflectiranse os centros de mando coa súa situación exacta.
No plano desenvolverase a escala 1:1.000 sobre o topográfico con curvas cada metro no que quede reflectido todo o viario e lindes do polígono.
- **Obras especiais**
Indicarase as obras de fábrica como arquetas, cruzamentos de calzada ou outras canalizacións , proteccións, etc, que sexan precisos.
- **Planos da rede de gas**
Este apartado soamente se incluírá no caso de ser necesarias obras de reparación ou renovación nas redes existentes.
- **Planta xeral da rede exterior de gas**
Recolleranse as liñas de conexión cos sistemas exteriores, situación de tódolos elementos transcendentais para a correcta instalación do servizo, trazado da rede, indicando sección dos condutos proxectados. Userase o plano topográfico a escala 1:1.000 con curvas de nivel cada m no que figurarán rúas, lindes do polígono e principais puntos de consumo.
- **Sección tipo de canalizacións de gas**
Presentarase unha sección tipo de colocación en gabiá do gas sinalándose as cotas de situación respecto aos demais servizos ou cerramentos co fin de localizar exactamente a súa situación e comprobar a compatibilidade da súa instalación cos demais servizos.
- **Planos da xardinería e mobiliario urbano**
- **Estudio actual do terreo**
Estado do terreo despois de ter realizadas nel as obras de explanación e pavimentación, sumidoiro e distribución de auga da urbanización.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

Figurarán os lindeiros do polígono, rúas, zonas urbanas e curvas de nivel definitivas cada metro. A escala será a 1:1.000.

Sinalarase a zona destinada a parques e xardíns con delimitación precisa sobre o plano.

o **Planta xeral de paseos e construcións**

Reflectiranse os paseos e construcións tanto ornamentais como funcionais tales como casetas para gardería do persoal obreiro de conservación, xogos infantís, etc., de forma que se poidan replantear perfectamente sobre o terreo.

o **Perfís lonxitudinais**

Reflectiranse os perfís lonxitudinais dos paseos, así como daquelas instalacións como saneamento e drenaxes.

o **Planta do estado definitivo do terreo**

Reflectiranse nunha planta o estado definitivo do terreo despois de realizarse o movemento de terras. Nel, quedarán perfectamente definidos os paseos, así como as construcións ornamentais e de servizo dos parques e xardíns.

o **Planta das redes de servizo**

Plano de superposición no que se reflectirán as redes de rego de saneamento e drenaxes alumeado, etc., con indicación dos tipos e características das instalacións.

o **Plano de plantacións**

Reflectiranse sobre o plano do estado definitivo do terreo as plantacións proxectadas con representación de tódalas especies previstas. Numeradas e identificadas coa correspondente lenda.

o **Detalle de construcións**

Neste plano reflectiranse os detalles de cantas construcións foran prevista no proxecto cos detalles dos elementos construtivos de cada unha, con definición suficiente para a súa medición e execución.

o **Detalles dos servizos**

Neste plano reflectiranse os detalles correspondentes a tódolos servizos incluídos, tales como drenaxes, distribución de auga para rego, saneamentos, alumeado, etc.

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES.

As prescricións poden consignarse expresamente ou facer referencia aos pregos de prescricións técnicas xerais ou outras normas técnicas que resulten de aplicación

O Prego de prescricións técnicas particulares non incluírá declaracións o cláusulas que deban figurar no Prego de cláusulas administrativas.

Evitaranse, sempre que sexa posible, as prescricións indirectas mediante referencia a outros documentos do proxecto.

Contará cos seguintes capítulos:

1. CAPITULO I. DESCRICIÓN DAS OBRA

Solución adoptada

Descrición técnica, por capítulos, das obras

2. CAPÍTULO II. CONDICIÓN QUE DEBEN CUMPRIR OS MATERIAIS

(lista de capítulos de obra, unidades ou procesos construtivos coas súas condicións)

características que teñan que reunir os materiais a empregar

procedencia dos materiais naturais

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

ensaios a que deban someterse os materiais
acopios

homologacións

3. CAPÍTULO III. EXECUCIÓN DAS OBRAS

(listado de capítulos con prescripcións sobre execución)

normas para a elaboración das distintas unidades de obra

instalacións que deban esixirse

medidas de seguridade e saúde comprendidas no correspondente estudio a adoptar durante a execución do contrato.

4. CAPÍTULO IV. MEDICIÓN E ABONO DAS OBRAS

(listado de capítulos con prescripcións sobre criterios de medición e abono de obra)

medición e valoración das distintas unidades de obra

abono das partidas alzadas

normas e probas previstas para a recepción

MEDICIÓN E ORZAMENTO.

O cálculo de prezos farase como suma de custos directos e indirectos.

Os custos directos serán a suma dos custos de:

man de obra directa (fixando rendementos)

materiais a prezos a pe de obra (fixando cantidades)

maquinaria (incluíndo gastos de persoal, maquinaria, etc., precisos para o seu funcionamento)

amortización e conservación da maquinaria anterior (fixarase no 10 % do apartado anterior)

Os custos indirectos fíxanse no 3 % do total dos custos directos

Salvo casos moi especiais, debidamente xustificados, non se admitirán prezos sen descomposición nin partidas alzadas.

Os prezos aplicados as partidas de instalacións levarán incluídos o importe correspondente a legalización das mesmas, licencias de actividade e instalación, así como probas e posta en marcha. Esta inclusión farase constar expresamente na lenda das partidas (p.e. incluíndo parte proporcional de...)

As medicións referiranse a datos existentes nos planos e serán o suficientemente detalladas para permitir a identificación das diversas unidades de obra.

As medicións efectuaranse segundo se determina no Prego de prescripcións técnicas particulares.

Incluiranse, no proxecto, os seguintes cadros:

1. PREZOS UNITARIOS:

listado de custos de mans de obra (prezo/hora por categoría)

materiais (prezos a pe de obra)

2. PREZOS AUXILIARES:

calculados como suma de custos directos

3. PREZOS DESCOMPOSTOS:

suma de custos indirectos e directos para cada partida

4. MEDICIÓN:

listado de medicións de partidas

5. CADRO DE PREZOS Nº 1:

descrición das partidas con indicación do importe en letra e número

6. CADRO DE PREZOS Nº 2:

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

desglose das partidas nos seguintes conceptos: materiais, mano de obra e maquinaria, incluíndo en cada un deles a suma de custos directos e indirectos.

7. ORZAMENTO:

listado de medicións con prezo e importe agrupados por capítulos
incluírá unha folla resume do orzamento, na que se sinalara o título do proxecto, a data e virá asinada polo autor.

ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE

1. MEMORIA

descripción dos procedementos, equipos técnicos e medios

identificación dos resgos laborais que poden ser evitados

medidas técnicas necesarias para evitar os resgos

relación dos resgos laborais que non poden eliminarse

medidas preventivas e proteccións técnicas tendentes a controlar e reducir ditos resgos e valorando a súa eficacia, en especial cando se propoñan medidas alternativas.

descripción dos servizos sanitarios e comúns do centro de traballo

Na elaboración da memoria teranse en conta as condicións do entorno no que se realice a obra, así como a tipoloxía e características de los materiais e elementos que deban de utilizarse, determinación do proceso construtivo e orden de execución dos traballos.

2. PREGO DE CONDICIÓN PARTICULARES

teranse en conta as normas legais e regulamentarias aplicables ás especificacións técnicas propias da obra de que se trate, así como as prescricións que se terán que cumprir en relación coas características, a utilización e a conservación das máquinas útiles, ferramentas, sistemas e equipos preventivos.

3. PLANOS

gráficos e esquemas necesarios para a mellor definición e comprensión das medidas preventivas definidas na memoria, con expresión das especificacións técnicas necesarias.

4. MEDICIÓN E ORZAMENTO

medicións de todas as unidades ou elementos de seguridade e saúde no traballo orzamento que cuantifique o conxunto de gastos previstos

PLAN DE CONTROL DE CALIDADE.

Especificará:

1. As características e requisitos que deberán cumprir os materiais e unidades da obra integrantes do proxecto, de conformidade coas disposicións xerais vixentes de obrigado cumprimento, e cós criterios que adopte o redactor do proxecto.

2. Orzamento de control de calidade, indicando o custo de cada un dos ensaios ou probas previstas. O orzamento total de control de calidade será o 1% do orzamento de contrata da obra.

PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS.

1. MEMORIA

Obxecto, metodoloxía, identificación e estimación de residuos, medidas de segregación "in situ" previstas, operacións de reutilización, valoración ou eliminación, xestión e trazabilidade dos residuos.

2. PREGO DE CONDICIÓN PARTICULARES

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

Teranse en conta as normas legais e regulamentarias aplicables ás especificacións técnicas propias da obra de que se trate.

3. PLANOS

Gráficos e esquemas necesarios para a mellor definición e comprensión das medidas de xestión dos residuos, con expresión das especificacións técnicas necesarias.

4. MEDICIÓNS E ORZAMENTO

medicións de todas as unidades ou elementos que cuantifique o conxunto de gastos previstos.

Proxecto de derribo por bloques

1. MEMORIA

Expresarase de forma diferenciada as demolicións de elementos urbanos, tales como redes antigas ou viais, das demolicións de diferentes construcións ou edificios, que deberán poder definirse completa e independentemente, incluído o Estudo de Seguridade e Saúde, o control de calidade e o plan de xestión de residuos.

2. PREGO DE CONDICIÓNNS PARTICULARES

Teranse en conta as normas legais e regulamentarias aplicables ás especificacións técnicas propias da obra de que se trate.

3. PLANOS.

Gráficos e esquemas necesarios para a mellor definición e comprensión das derrubas, con expresión das especificacións técnicas necesarias.

4. MEDICIÓNS E ORZAMENTO

medicións de todas as unidades ou elementos que cuantifique o conxunto de gastos previstos.

NORMAS PARA A PRESENTACIÓN DO PROXECTO

Para a presentación dos documentos terase en conta as seguintes normas:

FORMATOS.

1. Documentación escrita:

en formato DIN A-4 (segundo as necesidades, poderán utilizarse outros formatos previa autorización do Concello).

empregarase o mesmo tipo de letra para toda a documentación.

2. Documentación gráfica:

en formato DIN A-1 (segundo as necesidades, poderán utilizarse outros formatos previa autorización do Concello).

salvo casos xustificadas, utilizarase un único formato.

a documentación gráfica entregarase pregada en formato DIN A-4

3. Documentación en formato dixital:

en formatos orixinais (doc, xls, bc3, dwg ou compatibles) e pdf, abertos e sen ningún tipo de bloqueo.

NÚMERO DE COPIAS.

seis (6) copias do proxecto completo en papel (unha delas en formato DIN A-3, encadernada e sen dobrar)

dous (2) copias, do proxecto completo, en CD con arquivos orixinais e en formato pdf.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

En calquera caso, e en función das necesidades, o Concello poderá requirir un número distinto de copias das indicadas.

ENCADERNACIÓN.

1. Documentación escrita:

Utilizarase a mesma cor de carpeta para todos os proxectos e complementarios que estean directamente relacionados cunha obra.

2. Encadernada, en carpetas de parafuso ou anellas e separadamente:

memoria e Anexos (un ou varios tomos)
prego de prescricións técnicas particulares
medicións e orzamento
estudio de Seguridade e Saúde

plan de control de calidade

plan de xestión de residuos

3. Proxecto completo:

en carpeta rixida

na tapa pegarase o índice do proxecto, indicando a situación de cada documento e a relación completa de planos

COPIA EN CD.

Incluirá dúas carpetas independentes: unha de documentación escrita e outra de documentación gráfica, seguindo o seguinte esquema:

1. Documentación escrita:

incluírá un arquivo có índice xeral do proxecto.

a documentación escrita manterá a mesma estrutura que a da copia en papel

terá un arquivo por cada un dos tomos da documentación en papel.

2. Documentación gráfica:

incluírá un arquivo có índice de planos.

os planos virán en formato ploteable, en arquivos independentes, con idéntica numeración e estrutura co orixinal en papel.

PERSOAL DO ADXUDICATARIO

Será, como mínimo, o establecido no Prego de Condicións Administrativas.

O adxudicatario designará un Delegado con titulación de Técnico Superior, que será o único interlocutor ante a Dirección do Proxecto, facilitando un listado do persoal facultativo que colaborará na redacción.

O delegado manterá coa dirección tantas reunións como esta estime necesarias para a correcta marcha do proxecto e, en todo caso, o Delegado informará por escrito á Dirección, durante os primeiros cinco días de cada mes sobre a marcha dos traballos encomendados.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

ACTUACIÓNS EN FASE DE OBRAS

DESCRIPCIÓN

Constitúe a fase na que a Dirección facultativa leva a cabo a coordinación do equipo técnico facultativo da obra (dirección de obra, dirección de execución de obra e coordinación de seguridade e saúde), a interpretación técnica, económica e estética do proxecto de execución, así como a adopción das medidas necesarias para levar a termo o desenvolvemento do Proxecto de execución, establecendo as adaptacións, detalles complementarios e modificacións que poidan requirirse co fin de alcanzar a realización total da obra, de acordo co que establece o proxecto de execución correspondente e baixo as directrices que, a través do director do proxecto, estableza o Concello. A dirección de obra realizaranse segundo o previsto na lexislación aplicable para este tipo de traballos.

No suposto de que as obras se executen por polígonos ou fases a dirección de obra haberá de realizarse para cada unha delas, prorrateándose proporcionalmente os honorarios correspondentes.

DESENVOLVEMENTO DA DIRECCIÓN TÉCNICA DAS OBRAS

O equipo adxudicatario do presente contrato, unha vez aprobado definitivamente os documentos do Proxecto, levará a cabo os traballos de dirección técnica das obras, cos seguintes medios humanos mínimos:

O adxudicatario designará un delegado con titulación de arquitecto que exercerá como director de obra, un arquitecto técnico como director da execución da obra e un técnico competente coa titulación mínima esixida por lei en prevención de riscos laborais, como coordinador de seguridade e saúde, sen perxuízo da colaboración doutro persoal facultativo da adxudicataria, segundo o previsto no Prego de condicións administrativas.

OBRIGAS DO DIRECTOR DE OBRA

Son obrigas do director de obras as seguintes:

- Verificar o replanteo e a adecuación dos movementos de terras e cimentacións segundo as características xeotécnicas do terreo.
- Resolver as continxencias que se produzan na obra e consignar no libro de ordes e asistencias as instrucións precisas para a correcta interpretación do proxecto.
- Elaborar, a requirimento do Concello eventuais modificacións do proxecto, que veñan esixidas pola marcha da obra sempre que as mesmas se adapten ás disposicións normativas contempladas e observadas na redacción do proxecto, e sexan as propias da aplicación do mesmo.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

- Subscribir a acta do replanteo ou de inicio da obra e o certificado final de obra, así como conformar as certificacións parciais e a liquidación final das unidades de obra executadas cos visados que no seu caso foran preceptivos.
- Elaborar e subscribir a documentación da obra executada para a entregar ó Concello cos visado que foran preceptivos.
- E todas aquelas necesarias para o bo funcionamento da obra.

OBRIGAS DO DIRECTOR DE EXECUCIÓN DE OBRA

O director de execución da obra, é o que formando parte da dirección facultativa, asume a función técnica de dirixir a execución material da obra e de controlar cualitativa e cuantitativamente as obras e calidade das mesmas. Son as súas obrigas:

- Verificar a recepción en obra dos produtos de construción e execución, ordenando a realización de ensaios e probas precisas.
- Dirixir a execución material da obra comprobando os replanteos, os materiais, a correcta aplicación e execución e disposición dos elementos construtivos e as instalacións e servizos de acordo co proxecto, e coas instrucións do director de obra.
- Consignar no libro de ordes e asistenciais as instrucións precisas.
- Levar o control das medicións.
- Subscribir a acta de replanteo ou de comezo de obra e o certificado final de obra, así como elaborar e subscribir as certificacións parciais e a liquidación final das unidades de obra executadas.
- Colaborar cos restantes axentes na elaboración da documentación da obra executada aportando os resultados do control realizado.
- E todas aquelas necesarias para o bo funcionamento da obra.

OBRIGAS DO COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE

Son obrigas do coordinador de seguridade e saúde as seguintes:

- Coordinar a aplicación dos principios xerais de prevención e de seguridade:
 - Ó tomar as decisións técnicas e de organización coa finalidade de planificar os distintos traballos ou fases de traballo que vaian a desenvolverse simultánea o sucesivamente.
 - Ó estimar a duración requirida para a execución destes distintos traballos ou fases de traballo.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONW10DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

- Coordinar as actividades da obra para garantir que os contratistas e, no seu caso, os subcontratistas e os traballadores autónomos apliquen de xeito coherente e responsable os principios da acción preventiva que se recollen no artigo 15 da Lei de Prevención de Riscos Laborais durante a execución da obra e, en particular, nas targas ou actividades a que se refire o artigo 10 deste Real Decreto.
- Aprobar o plan de seguridade e saúde feito polo Contratista e, no seu caso, as modificacións introducidas no mesmo.
- Organizar a coordinación de actividades empresariais prevista no artigo 24 da Lei de Prevención de Riscos Laborais.
- Coordinar as accións e funcións de control da aplicación correcta dos métodos de traballo.
- Adoptar as medidas necesarias para que só as persoas autorizadas poidan acceder á obra. A dirección facultativa asumirá esta función cando non fora necesaria a designación de coordinador.
- E todas aquelas necesarias para o bo funcionamento da obra, especialmente as derivadas do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción e no resto da lexislación vixente en materia de seguridade e saúde e de prevención de riscos laborais.

CUSTOS DE VISADO

Serán por conta do adxudicatario os gastos xerados polos visados do colexio profesional correspondente.

SEGUIMIENTO DAS OBRAS

Visitas de obra.

A dirección facultativa manterá coa dirección do proxecto tantas reunións como esta considere necesario para a correcta marcha da execución das obras e, en todo caso, a dirección facultativa informará por escrito a Dirección do proxecto, durante os primeiros cinco (5) días de cada mes sobre a marcha dos traballos encomendados.

Levarase a cabo en todo caso unha reunión semanal de xestión de obra na que deberán comparecer, salvo causa xustificada, o Director de Obra, o Director de Execución de Obra e o Coordinador de Seguridade e Saúde. A relación de convocados, data e lugar das reunións serán establecidos polo Concello.

Aparte destas reunións, a Dirección Facultativa e o Coordinador de Seguridade e Saúde deberán realizar as visitas de obra adicionais que estimen oportunas para o correcto desenvolvemento das obras, establecendo como mínimo que as visitas da dirección facultativa serán as seguintes: no caso do director de obra e de coordinador de seguridade e saúde sesenta (60) visitas no prazo de doce

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

(12) meses; e no caso do director de execución do proxecto cen (100) visitas no prazo de doce (12) meses, establecéndose para períodos inferiores de duración da obra a lóxica proporción. O número de visitas anteriores establécese como mínimo, incrementándose no que sexa necesario para o correcto funcionamento da mesma.

Documentación de Seguimento da obra.

- ACTAS DAS REUNIÓNS DE XESTIÓN DE OBRA: a Dirección Facultativa levantará acta de cada unha das reunións de xestión de obra mantidas ao longo da execución das obras, segundo modelo de acta que será facilitado polo Concello.
- LIBRO DE ORDES E ASISTENCIAS o director de obra e o director da execución da obra consignarán as instrucións propias das súas respectivas funcións e obrigacións. Expedido polo Colexio correspondente a instancias dos Técnicos directores ao comezo da obra, ou tras o visado do proxecto de execución. Deberá atoparse na caseta de obra. Reflectiranse as visitas realizadas, ordes dadas, incidencias, etc. Pódese completar con Memorias, esbozos, planos, cálculos, etc. necesarios para as concrecións ou variacións que se vaian introducindo durante a obra, así como certificacións parciais ou totais de obra.
- LIBRO DE INCIDENCIAS desenvolverase conforme á lexislación específica de seguridade e saúde. Terán acceso ao mesmo os axentes que dita lexislación determina.
- Unha vez finalizada a obra, a documentación do seguimento será depositada polos directores da obra no Colexio Profesional correspondente ou, no seu caso, na Administración Pública competente, que aseguren a súa conservación e comprométanse a emitir certificacións do seu contido a quen acrediten un interese lexítimo.

CONTROL DE OBRA

Realizarase da seguinte forma:

- Os directores da execución da obra recompilarán a documentación do control realizado, verificando que é conforme co establecido no proxecto, os seus anexos e modificacións.
- O construtor solicitará dos subministradores de produtos e facilitará ao director de obra e ao director da execución da obra a documentación dos produtos anteriormente sinalada así como as súas instrucións de uso e mantemento, e as garantías correspondentes cando cumpra.
- A documentación de calidade preparada polo construtor sobre cada unha das unidades de obra poderá servir, se así o autorizase o director da execución da obra, como parte do control de calidade da obra.
- Unha vez finalizada a obra, a documentación do seguimento do control será depositada polo director da execución da obra no Colexio Profesional correspondente ou, no seu caso, na Administración Pública competente, que asegure a súa tutela e comprométase a emitir certificacións do seu contido a quen acrediten un interese lexítimo.
- Presentarase, mensualmente, a certificación de obra que recolla os traballos realizados ata o momento previa estimación, por parte dos Servizos técnicos do Consorcio, da porcentaxe de obra executada.

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

LIQUIDACIÓN E RECEPCIÓN DE OBRA

Regularanse conforme ao sinalado no Prego de Condicións Administrativas e na LCSP e o RGLCAP.

CERTIFICADO E DOCUMENTOS DE FINAL DA OBRA

- Por quintuplicado, dilixenciado previamente, se corresponde polo Colexio correspondente.
 - No certificado final de obra, os directores da execución da obra certificará dirixir a execución material das obras e controlado cuantitativa e cualitativamente a construción e a calidade do edificado de acordo co proxecto, a documentación técnica que o desenvolve e as normas da boa construción.
 - Os directores da obra certificarán que a edificación foi realizada baixo a súa dirección, de conformidade co proxecto de execución e a documentación técnica que o complementa, achándose disposta para a súa adecuada utilización con arranxo ás instrucións de uso e mantemento.
- Ao certificado final de obra uniráselle como anejos os seguintes documentos:
- Descrición das modificacións que, coa conformidade do promotor, introducíronse durante a obra, facendo constar a súa compatibilidade coas condicións da licenza.
 - Relación dos controis realizados durante a execución da obra e os seus resultados.
 - Actas e Certificados que sexan de aplicación segundo normativa vixente.



REPORTAXE FOTOGRÁFICO

Da totalidade da obra acabada.
Levarán referencia da obra, data e firma dos técnicos.

DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

Deben presentar xunto coa liquidación catro (4) copias de planos definitivos "as-built" da obra, nos que se reflicten as modificacións introducidas durante a execución da mesma.

VALORACIÓN

De acordo coa documentación acreditativa, certificación e porcentaxe de obra executada.



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

Sello o Certificación Mecánica

IV.- ANEXOS

ÍNDICE

1. DATOS URBANÍSTICOS _____ 33
2. PLANO _____ ¡Error! Marcador no definido.

AWD

<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 54.- PLOBA		
<i>Documento</i> CONWI0DA	<i>Expediente</i> CON/55/2012	<i>Fecha</i> 02-08-12 13:52

1. DATOS URBANÍSTICOS

Estarase ao disposto:

- O vixente PLAN XERAL DE ORDENACION MUNICIPAL de Santiago de Compostela.
- Estudio de Detalle para a rehabilitación integral do barrio de Vista Alegre, a.d. 25-9-2008.
- Declaración de A.R.I., segundo resolución da Consellería de Vivenda e Solo de 17 de abril de 2006.
- Programa Urbana Santiago Norte.



Documento	Expediente	Fecha
CONWI0DA	CON/55/2012	02-08-12 13:52

2. PLANO DE DELIMITACIÓN DA ZONA DE ACTUACIÓN E AMBITOS.

